

# Fantasia popular

**D**iriamos que en forma autobiográfica e xa den- de a madurez que dan os anos, o protagonista da historia nunha sorte de catarse depura o seu interior de medos e traumas lembrando a súa infancia, unha etapa feliz na aldea á que lle seguirá outra, non tan boa, na cidade, con momentos alegres e de auténtica angustia á escuridade, ao descoñecido, á soidade da noite...

*A noite dos pesadelos* vén a ser un reflexo destes medos que nacen e medran cun neno que se vai facendo grande entre fantasía de cativo, pesares de maiores, obrigas circunstancias, contos populares e supersticións máis ou menos fundamentadas, pero que poden chegar a crear unha certa atmosfera de desacougo.

O seu autor, Antonio Reigosa (Zoñán, Mondoñedo, 1958), coñecido por títulos como *Memorias dun raposo*, *Resalgario*, *Bacoriño* ou *Pesadelos*, entre outros, e pola súa participación nos vinte volumes dos contos da colección "Cabalo Buligán", xunto a Ramiro Cuba e Xosé Miranda, ou no *Diccionario de seres míticos*, *Can-*

---

## *Pesadelos na noite*

---



MARÍA NAVARRO

---

*do os animais falaban* ou *Arrepi- os e outros medos*, preséntanos nesta novela dirixida a un público xuvenil e que Tambre pu-

blica na súa colección "Ala Delta", un neno criado na aldea que debe afrontarse primeiro aos medos que crea a súa imaxinación e aos da propia vida e despois ao seu nostálxico pasado na aldea e ao seu duro e ata cruel presente na cidade.

A través dos recordos que recollen retallos importantes da súa vida -caída do primeiro dente, marcha dos pais para Suíza, o seu primeiro agasallo, a morte dun veciño ou o día de Reis- ou simplemente a lembranza do quefacer cotián -xogos de nenos ou coidado dos animais- mesturado coa maxia popular fan que o neno vaia interpretando os medos que sentía en cada momento e así, facéndoos seus, deixan de ser para el un tormento e lle permiten afrontar realidade con outro ánimo.

Non está exenta tampouco esta novela xuvenil dese gusto do autor pola fantasía popular que impregna non só a súa faceta de investigador da mitoloxía e da literatura oral galega senón tamén os seus traballos de creación literaria, querencia que ao perecer lle vén de neno.

---

REIGOSA, Antonio, *A noite dos pesadelos*, Ed. Tambre, Vigo, 2006, 92 páxinas

